

ALEGACIÓNS DO CES-GALICIA AO BORRADOR DO PLAN GALEGO CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL 2022-2024

Con data 19 de abril tivo entrada no CES o borrador do “Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024”, xunto coa solicitude de formulación de alegacións e/ou observacións nun prazo que remata o 27 de abril. A tal obxecto, o borrador do plan foi trasladado aos membros do CES. Unha vez analizado o documento, a comisión permanente do CES Galicia, en data 25/04/2022 acordou facer as seguintes observacións e comentarios ao mesmo:

O Convenio do Consello de Europa sobre a loita a trata de seres humanos (Convenio nº 197 do Consello de Europa) asinouse en Varsovia o 16 de maio de 2005 e ten por obxecto:

- a. Previr e combater a trata de seres humanos, garantindo a igualdade de xénero.
- b. Protexer os dereitos humanos das vítimas da trata, deseñar un marco global de protección e de asistencia ás vítimas e ós testemuños, garantindo a igualdade de xénero, e asegurar investigacións e actuacións penais eficaces.
- c. Promover a cooperación internacional no ámbito da loita contra a trata de seres humanos.

Dito Convenio aplícase a todas as formas de trata de seres humanos, sexan nacionais ou transnacionais e estean ou non vinculadas á delincuencia organizada.

O Convenio entrou en vigor de forma xeral o 1 de febreiro de 2008 e para España entrou en vigor o 1 de agosto de 2009 de conformidade co establecido no seu artigo 42.

As violencias son un obstáculo para a igualdade, o desenvolvemento e a paz dos pobos xa que impiden o disfrute dos seus dereitos e liberdades fundamentais.

Dende épocas inmemoriais, as persoas, incluso pobos enteiros migraron por diversas causas: conflitos bélicos, desastres naturais, pobreza, fame, persecución... Pero é unha tarefa arriscada na que as persoas máis vulnerables son as que máis perigo corren fronte á explotación e o abuso.

A trata de persoas é un reflexo da desigualdade entre homes e mulleres. A trata afecta fundamentalmente as mulleres e as nenas. A explotación sexual é o destino do 80% das vítimas de trata no mundo, afectándolle a mulleres e nenas en máis do 75% dos casos.

A trata é un xeito de violencia extrema contra as persoas e constitúe unha vulneración moi grave dos dereitos fundamentais das persoas recoñecidos internacionalmente. Neste sentido, o CES valora positivamente que as institucións planifiquen e aborden as problemáticas relacionadas coa trata a través da elaboración e aplicación dun plan específico.



CONSIDERACIÓNS XERAIS :

Primeira.- Dende as institucións públicas ten que haber unha resposta contundente fronte á trata, cun enfoque de non discriminación, identificando as causas e consecuencias diferenciadas que ten para homes, mulleres e crianzas, garantindo unha reposta adecuada e pertinente segundo a súa situación.

Neste documento, que recolle o borrador do “Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024”, atopamos o propósito da administración de dar unha resposta a esta grave problemática, sen embargo demandamos unha actitude cada vez máis proactiva por parte das distintas administracións implicadas para procurar a súa detección e erradicación.

Segunda.- A planificación que se nos presenta está conformada por áreas e obxectivos estratéxicos, e logo establece uns obxectivos operativos e unhas medidas concretas.

Dentro do contido do plan, botamos en falta máis información na parte da execución. Neste plan só se coñece quen vai ser o organismo encargado de cada unha das medidas. Faltaría un cronograma deste, así como as accións concretas. Tamén hai que sinalar que xa estamos case a mediados de 2022 só cun borrador do plan, que comprende o período entre os anos 2022 e 2024.

Entre que se remata a elaboración do plan e se desenvolven as medidas concretas para a súa posta en marcha, resulta complicado que se poña en marcha dentro do ano 2022.

Terceira.- Bótase en falta tamén a dotación orzamentaria do plan, pois non hai unha mínima referencia á mesma, resultando fundamental para que poida ter éxito. A descrición de obxectivos e medidas, sen temporalización nin orzamento quedan nunha declaración de intencións, non nunha proposta de execución. Resulta necesario contemplar as medidas e recursos mediante unha concreción en prazos, orzamentos e mecanismos de posta en marcha das medidas, para conseguir a efectividade do plan.

Cuarta.- O plan carece de mecanismos de avaliación. É preciso que haxa uns parámetros de valoración do plan. Ten que haber uns indicadores para medir o avance que se está facendo. A avaliación ben desenvolvida é unha oportunidade de aprendizaxe orientada á superación e á mellora continua. Non será unha palabra definitiva senón unha reflexión crítica sobre os aportes do programa: resultados esperados, efectos previstos e avaliación de impacto.

Quinta.- Consideramos positivo a posta en marcha deste I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, pero o período de tempo que abarca é moi curto. Resulta necesario garantir que se renovará e alongará no tempo e haberá un fortalecemento do traballo neste eido máis aló do 2024.



En relación con aspectos concretos, fanse as seguintes

CONSIDERACIONES PARTICULARES :

Primeira.- Cando se aborda o tema da **formación e a capacitación dos profesionais** inclúense numerosos profesionais de diferentes administracións, disciplinas, etc. en diferentes eixes pero en ningún momento se inclúe a capacitación e formación (tanto en termos de identificación, atención, recursos ou derivación) dos diferentes profesionais que están na administración máis próxima á cidadanía, da **administración local** (departamentos Benestar, Policía Local, ...).

Segunda.- O Plan conta cunha **área estratéxica 4** adicada á Investigación e mellora do coñecemento para a intervención. En ningún punto desta área estratéxica faise mención ó **Observatorio Galego da Violencia de Xénero**, aínda que no artigo 14 do Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación, recóllense as súas funcións, que entre outras son:

- a) Actuar como órgano de recollida, análise e difusión de información relativa á violencia de xénero. Con ese fin creárase e mantérase unha base de datos na que se integren todos aqueles datos relativos ás situacións de violencia de xénero na Comunidade Autónoma, co fin de sistematizar, actualizar e analizar a información que se recolla.*
- b) Formular recomendacións e propostas tendentes a mellorar os indicadores e sistemas de información utilizados polos servizos en materia de violencia contra a muller e a promover melloras na oferta dos diferentes recursos que incidan no ámbito da violencia de xénero na Comunidade Autónoma.*
- c) (...)*
- d) Elaborar informes sobre a violencia de xénero en Galicia.*
- e) Propoñer a realización de investigacións e estudos específicos para a prevención e erradicación da violencia de xénero.*
- f) (...)*

Estas funcións parecen coherentes e coincidentes coas medidas recollidas no eixe estratéxico. Esta consideración faise sen prexuízo da creación do grupo de traballo de carácter permanente no sinalado Observatorio (medida 5.2.6).

Terceira.- Nas medidas e responsables incluídos no **obxectivo operativo 5.3** “Impulsar unha persecución máis activa do delito da trata” bótase en falla para a súa consecución a inclusión e utilización dos recursos propios da Xunta de Galicia, é dicir, da **policía autonómica de Galicia**.

Santiago de Compostela (na data da sinatura dixital)

O secretario xeral

Manuel Martínez Varela

